



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ANUNCIO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL

PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE TRES PÉONS PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS NAS FAIXAS SECUNDARIAS (RURAL ACTIVO 2026).

EXPTE.: 2026/E001/000006

EXPTE. SOLICIT. SUBV.: 2026/A008/000018

DATA DE PUBLICACIÓN NO TAOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO: 27 DE MAIO DE 2026

Convócanse probas selectivas, mediante concurso-oposición, para a contratación laboral temporal **DE TRES PÉONS PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS NAS FAIXAS SECUNDARIAS**, ao abeiro da subvención concedida no marco da Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G), cuxas bases foron aprobadas por Decreto da Alcaldía núm. 519/2026 de data 27 de maio de 2026 e publicadas no taboleiro de anuncios do Concello en data 27 de maio de 2026, as cales se transcriben a continuación:

“BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE TRES PEÓNS FORESTAIS PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS NAS FAIXAS SECUNDARIAS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL, PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO TR351G).

EXPTE TEDEC: 2026/E001/000006

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto da presente convocatoria a regulación da contratación laboral temporal, mediante o sistema de concurso-oposición, de tres peóns forestais para o servizo de prevención de incendios nas faixas secundarias, ao abeiro da subvención concedida no marco da Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G), publicada no DOG núm. 24, do 5 de febreiro de 2026.

As prazas que se convocan responden á ocupación CNO 9543, peóns forestais e da caza, grupo de cotización 10.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

A contratación realizarase e queda vinculada á citada subvención, á resolución de concesión e ao cumprimento das condicións establecidas na convocatoria TR351G 2026.

As persoas traballadoras contratadas dedicaranse á limpeza e mantemento de vías e parcelas dentro das faixas secundarias do Concello de Camariñas, así como a tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios, a limpeza de montes, a silvicultura, a valorización forestal e a xestión da biomasa, de acordo co proxecto subvencionado.

As contratacións que se realicen non terán por obxecto cubrir postos de traballo vacantes na relación de postos de traballo do Concello de Camariñas.

SEGUNDA.- MODALIDADE CONTRACTUAL, DURACIÓN, XORNADA E RETRIBUCIÓNS.

A selección das persoas traballadoras realizarase na forma prevista no artigo 14 da orde de convocatoria e para a contratación, segundo o establecido no artigo 15, empregarase exclusivamente a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405).

A modalidade contractual será a de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, prevista na disposición adicional novena da Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de emprego, coas cláusulas específicas que correspondan aos traballos de interese social das corporacións locais, para desenvolver as funcións ás que se refire a base anterior.

A contratación formalizarase no prazo e nos termos establecidos na resolución de concesión da subvención e, en todo caso, dentro do exercicio 2026. A duración dos contratos será de nove meses, coincidente co período máximo subvencionable para cada contrato segundo a convocatoria, e a xornada será a tempo completo, ao 100 %.

O horario de traballo será fixado de acordo coas necesidades do servizo mediante resolución da Alcaldía, respectando en todo caso a normativa laboral aplicable.

A retribución bruta mensual establecida é de 1424,50 euros, correspondente a salario base de 1221,00 euros e parte proporcional de paga extraordinaria de 203,50 euros.

TERCEIRA.- CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

As persoas participantes no proceso de selección poderán ser unicamente aquelas que se atopen incluídas na listaxe de persoas candidatas remitida pola Oficina Pública de Emprego en relación coa oferta de emprego que realizará o Concello de Camariñas para cubrir as prazas convocadas. A oferta



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

será solicitada a partir do terceiro día hábil seguinte á publicación das presentes bases no taboleiro de anuncios do Concello.

Na devandita oferta de emprego especificarase: peón forestal, ocupación CNO 9543, grupo de cotización 10, para a prestación do servizo de prevención de incendios nas faixas secundarias. A oferta non poderá incluír nin admitir como criterio de emparellamento a posesión de experiencia laboral.

Para poder tomar parte neste proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos pola Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras da convocatoria TR351G, isto é:

Estar desempregada e inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupada e dispoñible para o emprego, tanto no momento da selección como no da formalización do contrato. Tamén poderán ser contratadas as persoas traballadoras con contrato indefinido fixo-descontinuo que se atopen en período de inactividade e inscritas como demandantes de emprego, sempre que a contratación resulte compatible coa duración do contrato subvencionado e coa normativa aplicable.

Non atoparse incurso na limitación prevista no artigo 14.3 da Orde do 22 de xaneiro de 2026, relativa ás persoas contratadas no programa Aprod Rural/TR351G no ano 2025 por período igual ou superior a nove meses, agás nos supostos exceptuados pola propia convocatoria.

Os anteriores requisitos deberán posuírse con referencia ao derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o proceso selectivo e ata a formalización do contrato de traballo.

Terán preferencia as persoas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral e, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, tales como:

a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinaría.

b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.

d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.

e) Persoas paradas de longa duración.

f) Persoas con discapacidade.

g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.

h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

i) Persoas trans

j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

CUARTA.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

O Concello formulará oferta xenérica de emprego ante a Oficina Pública de Emprego de Cee, para que por esta se remita ao Concello a listaxe de persoas candidatas para cubrir as tres prazas convocadas. A oferta presentárase, preferentemente, cunha antelación mínima de quince días hábiles á data prevista para realizar as contratacións, de conformidade coa convocatoria TR351G 2026. Solicitarase, de ser posible, o número de persoas candidatas por posto que resulte necesario para garantir a concorrencia, sen que poida ser inferior a dúas nin superior a dez por posto de traballo.

Recibida a listaxe de persoas candidatas remitida pola Oficina Pública de Emprego, esta farase pública mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e anunciarase, a título meramente informativo, na sede electrónica do Concello de Camariñas, sinalándose a data de publicación no taboleiro de anuncios.

As persoas interesadas incluídas na listaxe disporán de **tres días hábiles**, contados desde o día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios, para presentar a seguinte documentación:

Solicitud de participación, no modelo dispoñible na sede electrónica do Concello de Camariñas no apartado “Emprego Público e recursos humanos” / “Convocatoria de persoal”.

Copia do Documento Nacional de Identidade, NIE ou documento equivalente.

Acreditación da condición de demandante de emprego

Informe de vida laboral



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Relación de méritos que se aleguen para a súa avaliación na fase de concurso, acompañada da documentación acreditativa correspondente.

De ser o caso, solicitude de adaptación de medios ou tempos para a realización da proba da fase de oposición, xunto coa documentación acreditativa da discapacidade e da adaptación solicitada.

Os méritos alegados serán acreditados na forma que se indica a continuación:

Situación / mérito	Documentación acreditativa
a) Aqueles desempregados/as que teñen prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional	1. DNI 2. Informe/certificado de Oficina/Servizo Público de Emprego de Galicia para acreditar IPI's actualizado mínimo na data de publicación destas bases.
b) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinaría	1. DNI 2. Certificado/diploma acreditativo da formación.
c) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia	1. DNI 2. Informe da traballadora social: para acreditar colectivos desfavorecidos actualizado mínimo na data de publicación destas bases, se é o caso.
d) Mulleres	DNI
e) Mulleres vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual	1. DNI 2. Documentación sentenza xudicial e/ou orde de protección.
f) Persoas demandantes do primeiro emprego ou aqueles sen cualificación profesional que non teñan cumpridos os 30 anos na data de celebración do contrato	1. Informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social actualizado mínimo na data de publicación destas bases. 2. DNI. 3. Titulación académica e declaración xurada do nivel formativo acadado.
g) Persoas paradas de longa duración: aqueles que leven máis de 1 ano en desemprego.	1. DNI 2. Informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou certificado/informe do Servizo Público de Emprego no que se faga constar dita



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Situación / mérito	Documentación acreditativa
	circunstancia, actualizados mínimo na data de publicación destas bases.
h) Persoas con discapacidade	1. DNI 2. Certificación correspondente da discapacidade igual ou superior ao 33%.
i) Persoas desempregadas que esgoten as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito	1. DNI 2. Certificado/informe do Servizo Público de Emprego no que se faga constar dita circunstancia actualizado mínimo na data de publicación destas bases.
j) Persoas desempregadas maiores de 45 anos	1. DNI 2. Darde.
k) Persoas trans	1. DNI 2. Documentación administrativa ou rexistral que proceda conforme á normativa aplicable ou, de ser o caso, mediante declaración responsable, sen prexuízo das comprobacións que legalmente poidan corresponder.
l) As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España	1. Certificado de emigrante retornado emitido pola oficina do Ministerio de Traballo e Seguridade Social. 2. Permiso de residencia e traballo en España.
m) Existencia de cargas familiares, entendéndose por estas, ter a cargo das persoas traballadoras desempregadas o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento	1. DNI 2. Copia compulsada do libro de familia, certificado de convivencia, certificado de pensións, certificado de discapacidade da persoa ó cargo, certificado/informe da oficina de emprego onde conste a situación de desemprego das persoas que conviven, e calquera outra documentación a maiores da anterior que acredite ditas circunstancias.
n) Acreditar nivel de protección por desemprego	1. DNI 2. Certificado/informe do servizo público de emprego de ser perceptor de desemprego, subsidio, ou non perceptor actualizados mínimo na data de publicación destas bases.

As solicitudes dirixíranse á Alcaldía e poderán presentarse no Rexistro Xeral das oficinas municipais, no rexistro telemático da sede electrónica municipal ou en calquera dos lugares previstos



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste último caso, as persoas aspirantes deberán comunicalo mediante correo electrónico dirixido a correo@camarinas.net, achegando copia da solicitude rexistrada.

As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo solicitar a súa modificación mediante escrito motivado dentro do prazo establecido para a presentación de solicitudes. Transcorrido o prazo, non se admitirá ningunha petición desta natureza, sen prexuízo da obriga de comunicar calquera alteración que afecte ao cumprimento dos requisitos.

Coa presentación da solicitude entenderase que as persoas interesadas aceptan todas e cada unha das bases desta convocatoria. O Concello non poderá exixir o pagamento de cantidade ningunha ás persoas candidatas pola súa participación no proceso.

QUINTA.- ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución, dentro **dos cinco días hábiles** seguintes, declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, indicando os motivos da exclusión no caso de que os houberse. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e anunciarase a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas, sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios.

No caso de que as solicitudes non dean lugar a emenda, a resolución da Alcaldía poderá aprobar directamente a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

As persoas aspirantes excluídas, así como aquelas omitidas na relación de admitidas ou excluídas, disporán dun prazo de **tres días hábiles** contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios do Concello para emendar os defectos que motivasen a súa exclusión ou a súa omisión. As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden a exclusión ou non aleguen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídas, serán definitivamente excluídas do procedemento.

Transcorrido o prazo anterior, a Alcaldía ditará resolución pola que se aprobará a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, resolveranse as solicitudes de abstención ou recusación dos membros do tribunal e indicarse o lugar, data e hora do comezo do proceso de selección. A resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e anunciarase a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza a posesión dos requisitos esixidos. Se nun momento posterior se desprende que algunha persoa non posúe algún dos requisitos, decaerá en todos os dereitos derivados do procedemento.



SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1.- O Tribunal Cualificador estará integrado do seguinte xeito:

Presidente/a (titular e suplente): Un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral de administración local ou autonómica, de titulación igual ou superior á praza obxecto da convocatoria.

1º vogal (titular e suplente): Un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral de administración local ou autonómica, de titulación igual ou superior á praza obxecto da convocatoria.

2º vogal (titular e suplente): Un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral de administración local ou autonómica, de titulación igual ou superior á praza obxecto da convocatoria.

3º vogal (titular e suplente): Un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral de administración local ou autonómica, de titulación igual ou superior á praza obxecto da convocatoria.

Secretario/a (con voz e voto): Un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral de administración local ou autonómica, de titulación igual ou superior á praza obxecto da convocatoria.

2.- Os membros do Tribunal estarán suxeitos aos supostos de abstención e recusación previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, non podendo ser nomeados membros, colaboradores ou asesores do tribunal os que realizen tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas para acceso á función pública nos cinco anos derradeiros á publicación desta convocatoria.

3.- O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de aló menos tres dos seus membros. En todo caso será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

4.- O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección. 5.- O Tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

SÉTIMA.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

A selección das persoas aspirantes efectuarase polo sistema de concurso-oposición, cunha puntuación máxima total de 30 puntos. A fase de oposición terá unha puntuación máxima de 20 puntos e a fase de concurso terá unha puntuación máxima de 10 puntos.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

A fase de oposición será obrigatoria e eliminatória. Só se valorará a fase de concurso ás persoas aspirantes que superen a fase de oposición. O proceso desenvolverase atendendo aos principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia, e respectando os criterios de preferencia establecidos no artigo 14 da Orde do 22 de xaneiro de 2026.

7.1. Fase de oposición. Máximo 20 puntos.

Consistirá nunha proba práctica, de carácter obrigatorio e eliminatorio, relacionada coas funcións propias do posto de peón forestal nas faixas secundarias: limpeza e mantemento de vías e parcelas, roza, retirada de restos, uso básico e seguro de ferramentas manuais ou mecánicas, emprego de equipos de protección individual e prevención de riscos vinculados aos traballos forestais.

A proba poderá consistir nun exercicio de execución material ou nunha simulación práctica dunha tarefa propia do posto, incluíndo, de ser o caso, a identificación de ferramentas, equipos de protección individual e instrucións básicas de seguridade. O Tribunal concretará, con carácter previo ao inicio da proba e para todas as persoas aspirantes por igual, as tarefas para realizar, o tempo máximo dispoñible e os criterios concretos de valoración.

A puntuación da proba práctica será de 0 a 20 puntos, conforme aos seguintes criterios xerais:

Criterio	Puntuación máxima
Aplicación das normas básicas de prevención de riscos laborais, uso correcto dos equipos de protección individual e conduta segura durante a proba.	4 puntos
Destreza no manexo básico das ferramentas, útiles ou medios propostos, cando proceda.	6 puntos
Adecuación técnica da execución da tarefa, calidade do resultado e cumprimento das instrucións recibidas.	6 puntos
Organización do traballo, orde, limpeza, aproveitamento do tempo e finalización da tarefa no prazo indicado.	4 puntos

Para superar a fase de oposición será necesario obter un mínimo de 10 puntos. As persoas aspirantes que non comparezan á proba ou que non acaden a puntuación mínima quedarán excluídas do proceso selectivo.

O Tribunal adoptará as medidas necesarias para garantir a igualdade de oportunidades das persoas aspirantes e, de ser o caso, as adaptacións de medios ou tempos que resulten procedentes para persoas con discapacidade que as solicitasen en prazo.

7.2. Fase de concurso. Máximo 10 puntos.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

A fase de concurso consistirá na valoración dos méritos e circunstancias acreditadas polas persoas aspirantes que superasen a fase de oposición. Só se valorarán os méritos alegados e debidamente acreditados no prazo de presentación de solicitudes, e que se posúan na data de finalización do devandito prazo.

Non se valorará a experiencia laboral previa como mérito nin se admitirá como criterio de emparellamento ou selección, de conformidade co artigo 14.4.b) da Orde do 22 de xaneiro de 2026.

Os méritos valoraranse ata un máximo de 10 puntos, aínda que a suma aritmética dos apartados seguintes puidese ser superior. A documentación acreditativa deberá presentarse en orixinal, copia auténtica ou copia simple, sen prexuízo da facultade municipal de requirir o cotexo ou a exhibición dos documentos orixinais cando proceda.

Concepto	Criterio / detalle	Puntuación
1. COLECTIVOS CON ESPECIAIS DIFICULTADES DE INSERCIÓN LABORAL A VALORAR		Máximo 8 puntos
a) Aqueles desempregados/as que teñen prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional.		0,5 puntos
b) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas, relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría.		1 punto
c) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias de renda de integración social de Galicia.		1 punto
d) Mulleres	d.1) Mulleres: 0,5 puntos	Máximo 1 punto
	d.2) Víctimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual: : 0,5 puntos	
e) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.		0,5 puntos
f) Persoas demandantes menores de 30 anos	f.1) Menores de 30 anos: 0,5 puntos.	Máximo 1 punto
	f.2) Demandantes de primeiro emprego ou persoas que non teñan acadado os estudos de ESO: 0,5 puntos adicionais.	
g) Persoas paradas de longa duración	Non se puntuá neste apartado os menores de 30 que sexan demandantes do primeiro emprego.	0,5 puntos
h) Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.		0,5 puntos
i) Persoas desempregadas que esgoten as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.		0,5 puntos



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Concepto	Criterio / detalle	Puntuación
j) Persoas trans.		0,5 puntos
k) As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.		1 punto
2. MENOR NIVEL DE PROTECCIÓN POR DESEMPREGO E CARGAS FAMILIARES		Máximo 2 puntos
l) Existencia de responsabilidades familiares. 0,5 puntos por persoa a cargo.		Máximo 1 punto
m) O menor nivel de protección por desemprego.	m.1) Perceptores de desemprego ou subsidios: 0,5 puntos.	Máximo 1 punto
	m.2) Non perceptores: 1 punto.	
PUNTUACIÓN TOTAL MÁXIMA QUE SE PODE ACADAR NOS APARTADOS 1 E 2		Máximo 10 puntos

O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar méritos non alegados e acreditados no prazo de presentación de solicitudes, sen que sexa admisible conceder prazo de emenda ou mellora da documentación acreditativa dos méritos con posterioridade ao remate do devandito prazo, agás nos supostos legalmente previstos para a emenda de defectos formais.

7.3. Puntuación final e desempate.

A puntuación final de cada persoa aspirante virá determinada pola suma da puntuación obtida na fase de oposición e na fase de concurso, ata un máximo de 30 puntos.

No suposto de empate a puntos entre dúas ou máis persoas candidatas, resolverase aplicando sucesivamente os seguintes criterios:

Maior puntuación obtida na fase de oposición.

Maior puntuación obtida na fase de concurso.

Maior puntuación obtida no apartado b) da fase de concurso, relativo á formación vinculada co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería ou xardinaría.

Maior puntuación obtida no apartado m) relativo ao menor nivel de protección por desemprego.

Maior puntuación obtida no apartado l) da fase de concurso, relativo ás responsabilidades familiares.

De persistir o empate, a orde resolverase alfabeticamente polo primeiro apelido, comezando pola letra "M", de conformidade co sorteo realizado pola Consellería de Facenda e Administración



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Pública para o ano 2026, publicado no DOG núm. 16, do 26 de xaneiro de 2026. As preposicións e artigos que formen parte do primeiro apelido non se terán en conta para a orde alfabética e escribíranse detrás do nome, pospostos.

OITAVA.- CONTRATACIÓN E CREACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO.

Rematada a cualificación das persoas aspirantes, o Tribunal Cualificador elevará á Alcaldía a correspondente proposta de contratación laboral temporal a favor das tres persoas aspirantes que acaden a maior puntuación final, incluída a aplicación dos criterios de desempate.

A proposta farase pública no taboleiro de anuncios do Concello e anunciarase a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas, sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios. A selección definitiva será comunicada, para o seu coñecemento, á correspondente oficina de emprego.

Así mesmo, o Tribunal elevará a correspondente listaxe por orde decrecente de puntuación total/final das persoas aspirantes que, tendo superado o proceso selectivo, non acaden puntuación suficiente para a formalización inicial do contrato, para os efectos da creación dunha bolsa de emprego vinculada á presente convocatoria.

Á vista da proposta do Tribunal, mediante Decreto da Alcaldía determinarase a orde definitiva das persoas integrantes da bolsa de emprego. Esta bolsa terá por finalidade cubrir, de ser necesario, renuncias, incapacidade laboral, baixa voluntaria, falta de formalización do contrato ou situacións análogas de vacancia nos postos obxecto destas bases, sempre dentro dos límites temporais e materiais da subvención concedida.

O Decreto será publicado no taboleiro de anuncios do Concello e anunciado a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas. No mesmo Decreto requiriranse as persoas aspirantes propostas para a contratación para que, dentro do **prazo máximo de tres días hábiles** contados desde o día seguinte ao da publicación, presenten a seguinte documentación:

Número de afiliación á Seguridade Social, se non constase previamente no expediente.

Calquera outra documentación necesaria para formalizar o contrato e acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria e na resolución de concesión.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación sinalada, agás nos casos de forza maior debidamente xustificadas, ou cando da documentación presentada se desprenda o incumprimento dos requisitos da convocatoria ou a existencia de falsidade na solicitude, implicará a exclusión da persoa seleccionada e a imposibilidade de proceder á súa contratación, sen prexuízo das



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

responsabilidades que puidesen corresponder. Neste caso, a proposta entenderase feita a favor da seguinte persoa aspirante segundo a orde da listaxe, que será requirida para presentar a documentación no mesmo prazo.

Presentada a documentación e sendo esta conforme, a Alcaldía procederá, previa resolución, á contratación das persoas aspirantes seleccionadas, formalizándose os correspondentes contratos laborais na data que se sinala. Os contratos deberán comunicarse a través da aplicación CONTRAT@, marcando a opción específica que corresponda aos contratos de interese social das corporacións locais. Mentres non se formalice o contrato e non se produza a incorporación efectiva ao posto de traballo, a persoa aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

Quen sen causa xustificada non concorra a formalizar o contrato na data sinalada perderá todos os dereitos derivados do procedemento selectivo.

NOVENA.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO E CONTRATACIÓN DAS PERSOAS INTEGRANTES.

A bolsa de emprego créase para os supostos de renuncia, incapacidade laboral, baixa voluntaria, falta de formalización do contrato ou situacións análogas de vacancia dos postos aos que se refiren as presentes bases, e sempre que o Concello considere necesario acudir a ela no marco da subvención concedida.

En todo caso, a utilización da bolsa para substitucións axustarase ao previsto no artigo 17 da Orde do 22 de xaneiro de 2026. Cando se produza a extinción do contrato antes da finalización do período subvencionado, a nova contratación deberá realizarse, con carácter xeral, dentro dos 30 días seguintes á baixa na Seguridade Social da persoa inicialmente contratada. No suposto de baixas temporais que se prevexan de duración superior a 30 días, a substitución requirirá autorización expresa do departamento territorial correspondente.

A persoa substituta deberá cumprir os requisitos esixidos para as contratacións iniciais e continuar inscrita como demandante de emprego e desempregada no momento da contratación. Se non fose posible acudir ás persoas candidatas remitidas na oferta inicial, solicitarase nova oferta á correspondente oficina de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia.

Os chamamentos realizaranse seguindo a orde da bolsa de emprego. Levaranse a cabo de forma simultánea mediante chamada telefónica ao número indicado na solicitude e mediante correo electrónico á dirección que conste na solicitude ou que fose comunicada posteriormente pola persoa candidata.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

A chamada telefónica realizarase mediante dous intentos en horas distintas, cunha diferenza mínima de cinco horas entre chamada e chamada. Deixarase constancia no expediente dos intentos de contacto realizados, das persoas que renunciasen, das que non contestasen ao chamamento e da persoa candidata que acepte o posto de traballo.

Cada vez que se vaia efectuar unha contratación comezarase a chamar ás persoas candidatas pola orde da bolsa, comezando sempre desde a primeira persoa dispoñible da listaxe. As persoas que renunciasen por causa xustificada permanecerán na mesma posición en situación de suspensión por causa xustificada ata que comuniquen a finalización desta situación e a súa dispoñibilidade inmediata para un novo contrato. A dispoñibilidade entenderase efectiva no día hábil seguinte á comunicación.

Se algunha persoa candidata non contesta, entenderase que renuncia ao posto e seguirase chamando ás seguintes persoas da listaxe co fin de axilizar o proceso de contratación. Se durante esa xornada, ata as 23:59 horas, a persoa coa que non se puido contactar se pon en contacto co Concello por teléfono ou por correo electrónico, conservará o dereito ao chamamento que lle corresponda; en caso contrario, entenderase que renuncia.

A renuncia ao posto poderá presentarse por escrito no Rexistro Xeral do Concello. No caso de renuncia sen causa xustificada, a persoa pasará á posición final da listaxe no suposto dunha primeira e segunda renuncia, e quedará excluída da bolsa no suposto dunha terceira renuncia.

Consideraranse causas xustificadas de renuncia, cese ou baixa voluntaria as seguintes:

Estar en situación de incapacidade temporal ou situación médica temporalmente incapacitante, ou en tramitación de expediente de incapacidade permanente parcial polo INSS para o desempeño de determinados postos de traballo non inhabilitante para a categoría á que se presentou.

Estar no período correspondente ao permiso por nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, ou situación legal análoga.

Estar ao coidado de menores, persoas con discapacidade ou familiares de avanzada idade.

Estar realizando unha acción ocupacional para a mellora da empregabilidade a través dunha Administración pública ou organismo homologado para a impartición de tales accións.

Acreditar a existencia dun contrato laboral temporal ou nomeamento interino, tanto na Administración pública como na empresa privada.

Con carácter previo á formalización do contrato de traballo, a persoa candidata deberá presentar a documentación á que se refire a base oitava, agás aquela que xa obre en poder da Administración. O prazo para a presentación será determinado polo Concello tendo en conta a dispoñibilidade inmediata que poden esixir estas contratacións. Nos restantes aspectos relativos á formalización do contrato estarase ao establecido na base oitava.



DÉCIMA.- INCIDENCIAS.

En todo o non previsto nestas bases, serán de aplicación, na medida que corresponda, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril; o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro; a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia; o Real decreto 364/1995, do 10 de marzo; o Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; o Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores; a Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de emprego; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras da convocatoria TR351G; e as demais normas de xeral aplicación.

Tendo en conta o artigo 14.10 da Orde do 22 de xaneiro de 2026, ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego, o proceso de selección seguirá os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia para a cobertura de ofertas de emprego e as persoas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nos cadros de persoal ou relacións de postos de traballo do Concello, nin será precisa oferta de emprego público previa.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superalo ningunha persoa aspirante, por non presentarse ningunha ao proceso ou por non cubrirse o número de prazas convocadas, a Alcaldía queda autorizada a convocar o proceso novamente cantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases e coa subvención concedida.

DÉCIMOPRIMEIRA.- IMPUGNACIÓN.

Contra as presentes bases e a resolución que as probe, que poñen fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo, de conformidade co artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo. No caso de interpoñerse recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta. Transcorrido o prazo dun mes desde a interposición do recurso de reposición sen recibir notificación da resolución expresa, entenderase desestimado.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Sen prexuízo do anterior, as solicitudes de revisión da proba que poidan presentar as persoas aspirantes serán consideradas como solicitudes de acceso ao expediente ao abeiro do previsto nos artigos 13.d) e 53.1.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sendo a única obriga do Tribunal de Selección a de expoñer os criterios técnicos xerais que se tiveron en conta para a obtención da puntuación.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante.

Contra os acordos, actas e valoracións realizadas polo Tribunal de Selección caberá a posibilidade de interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes contado desde a publicación ou notificación do acordo, ante a Alcaldía-Presidencia da Corporación. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada será de tres meses; transcorrido este prazo sen resolución expresa, poderase entender desestimado.

Todo isto sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro recurso que consideren procedente.

Camariñas, asinado electronicamente pola alcaldesa, Dona Sandra Insua Rial.



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

ANEXO I. MODELO ORIENTATIVO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

PROCESO SELECTIVO: tres peóns forestais, CNO 9543, grupo de cotización 10, ao abeiro da convocatoria TR351G 2026.

Nome e apelidos: _____

DNI/NIE: _____

Enderezo: _____

Teléfono: _____

Correo electrónico: _____

Data de nacemento: _____

EXPÓN:

Que foi incluída/o na listaxe de persoas candidatas remitida pola Oficina Pública de Emprego para o proceso selectivo convocado polo Concello de Camariñas para a contratación temporal de tres peóns forestais ao abeiro da convocatoria TR351G 2026.

SOLICITA:

Ser admitida/o ao proceso selectivo, declarando baixo a súa responsabilidade que reúne todos os requisitos esixidos nas bases da convocatoria e que son certos os datos consignados nesta solicitude.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

DNI/NIE ou documento equivalente.

Acreditación da condición de demandante de emprego

Informe de vida laboral

Relación de méritos alegados e documentación acreditativa.

Documentación acreditativa da discapacidade e solicitude de adaptación, de ser o caso.

Outra documentación: _____

Camariñas, ____ de _____ de 2026

Sinatura: _____

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE CAMARIÑAS”.

Camariñas, asinado dixitalmente en data 5 de xuño de 2025 pola Alcaldesa, D^a Sandra Insua Rial.